

## INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DOS EVENTOS "50 ANIVERSARIO"

Responsables do tratamento: Os datos persoais facilitados polos Asistentes no marco dos Eventos serán tratados por ZARA ESPAÑA, S.A.U. e INDUSTRIA DE DISEÑO TEXTIL, S.A. (de forma abreviada, INDITEX, S.A.) como corresponsables do tratamento, ambos con domicilio na Avenida da Deputación, Edificio Inditex, Arteixo (A Coruña), España.

Finalidade e lexitimación: Trataranse os datos persoais coa finalidade de levar a cabo o desenvolvemento, realización e xestión dos Eventos que se detalla nos T&C. A base legal para o tratamento destes datos é a execución das condicións establecidas nos T&C dos Eventos aceptados polo Asistente no proceso de inscrición a este.

Conservación dos datos: Independentemente de que se traten os datos durante o tempo estritamente necesario para cumprir coa finalidade correspondente, conservaranse debidamente gardados e protexidos durante o tempo en que puidesen xurdir responsabilidades derivadas do tratamento para cumprir coa normativa vixente en cada momento. Unha vez que prescriban as posibles accións en cada caso, procederase a suprimir os datos persoais.

Imaxe dos Asistentes: Por outra banda, a imaxe dos Asistentes será tratada polos corresponsables do tratamento, coas finalidades que se detallan nos T&C. A base legal para o tratamento da imaxe é a execución das condicións incluídas nos T&C e esta conservase mentres estean vixentes as devanditas condicións.

Destinatarios: Para cumprir as finalidades indicadas, cómpre que os corresponsables dean acceso aos datos persoais dos Asistentes a entidades do Grupo Inditex cuxas actividades se relacionan cos sectores de decoración, téxtil, de produtos acabados de vestir e do fogar, calquera outro complementario dos anteriores, incluídos os de cosmética e marroquinería, así como o desenvolvemento e asistencia de comercio electrónico, e a terceiras partes que lles presten apoio durante os Eventos e nos servizos que ofrecen, como servizos tecnolóxicos ou servizos de inscrición aos Eventos. Por eficiencia no desenvolvemento, realización e xestión dos Eventos, algúns dos prestadores mencionados poden estar en territorios situados fóra do Espazo Económico Europeo, que non proporcionan un nivel de protección de datos equiparable ao da Unión Europea. En tales casos, informamos o Asistente de que os corresponsables transfiren os seus datos con garantías adecuadas e sempre mantendo a seguridade dos seus datos, utilizando as ferramentas máis axeitadas para a transferencia internacional de datos, como as cláusulas contractuais tipo ou calquera outra medida complementaria pertinente, ademais, pódese consultar o contido das devanditas cláusulas contractuais tipo na seguinte ligazón: [https://ec.europa.eu/info/law/law-topic/data-protection/international-dimension-data-protection/standard-contractual-clauses-scc\\_en](https://ec.europa.eu/info/law/law-topic/data-protection/international-dimension-data-protection/standard-contractual-clauses-scc_en)

Dereitos: Os Asistentes poderán exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento e portabilidade enviando unha comunicación escrita ao enderezo de correo electrónico [dataprotection@zara.com](mailto:dataprotection@zara.com) indicando "Evento 50 aniversario" no asunto do correo. Se o Asistente desexa exercer os dereitos anteriores en relación coa súa imaxe, poderá facelo en calquera momento remitindo un correo electrónico a [dataprotection@zara.com](mailto:dataprotection@zara.com), indicando "Imaxe" no asunto do correo. Se fose necesario, poderemos requirirlle información adicional para identificalo correctamente.

Por último, os Asistentes poderán contactar coa delegada de protección de datos para calquera consulta relacionada con protección de datos escribindo un correo electrónico a [dataprotection@zara.com](mailto:dataprotection@zara.com), ademais, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade

pertinente de control en materia de protección de datos: [http://ec.europa.eu/justice/article-29/structure/data-protection-authorities/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/justice/article-29/structure/data-protection-authorities/index_en.htm)

Información adicional: Para máis información sobre o uso dos seus datos, os Asistentes poden consultar a Política de Privacidade de Zara dispoñible en [www.zara.com](http://www.zara.com).